

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE SETEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada de Xinzo a Vilar de Barrio (de titularidade dos concellos de Xinzo e Sarreaus) con orixe na N-525 en Xinzo e final na OU-1102 no concello de Sarreaus, a prol da Deputación Provincial de Ourense.
- Decreto polo que se aproban os cambios de titularidade do ramal antigo da vía OU-1201 a prol do Concello de Muíños; e estrada municipal con orixe na OU-540 (As Conchas) e fin na OU-1202 (As Carreiras) a prol da Deputación de Ourense.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Judo e Defensa Persoal.
- Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes aos títulos de técnico deportivo en Piragüismo de Augas Bravas, técnico deportivo en Piragüismo de Augas Tranquilas e técnico deportivo en Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas.
- Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto, e se modifican o Decreto 135/2012, do 31 de maio, o Decreto 73/2013, do 18 de abril, e o Decreto 64/2015, do 16 de abril.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se regula o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras de rehabilitación integral do edificio administrativo na rúa Benito Corbal de Pontevedra, por un importe de licitación de catro millóns setecentos vinte e seis mil cincocentos sesenta e tres euros con vinte céntimos (4.726.563,20 €), e un valor estimado do contrato de catro millóns douscentos noventa e seis mil oitocentos setenta e cinco euros con sesenta e catro céntimos (4.296.875,64 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2016.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e o Concello de Lugo para dotar de equipamento escénico ao auditorio de Lugo, por un importe de tres millóns setecentos cincuenta e cinco mil cincuenta euros con dezaseis céntimos (3.755.050,16€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2017.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a aprobación das axudas do ano 2017 para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta de Galicia da ampliación da declaración de emerxencia para a contratación, pola entidade pública Portos de Galicia das obras de reforzo e estabilidade do noiro da vía exterior á zona comercial do Porto de Ribadeo (Lugo), por un importe total de douscentos dez mil cento corenta euros con setenta e un céntimos (210.140,71 €), IVE excluído.

A XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA Á DEPUTACIÓN DE OURENSE DA ESTRADA DE XINZO A VILAR DE BARRIO, POR PARTE DOS CONCELLOS DE XINZO E SARREAUS

- *Esa estrada ten unha lonxitude de 12 quilómetros, dos que os 7.040 metros primeiros están no termo municipal de Xinzo e o resto no concello de Sarreaus*
- *A entrega da estrada formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da acta de entrega*

O Consello da Xunta aproba o proxecto de decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada de Xinzo a Vilar de Barrio, de titularidade dos concellos de Xinzo e Sarreaus, con orixe na N-525 en Xinzo e final na OU-1102, no concello de Sarreaus, a prol da Deputación Provincial de Ourense.

Esta estrada ten unha lonxitude de 12 quilómetros, dos que os 7.040 metros primeiros están no termo municipal de Xinzo e o resto no concello de Sarreaus. Esta infraestrutura foi deseñada e construída por Infraestruturas Agrarias da Xunta como vía agrícola de acceso aos predios que a limitan.

Así, o Pleno do Concello de Xinzo de Limia aceptou ceder a titularidade da pista de concentración que enlaza a N-525 coa estrada OU-1102, na parte que lle corresponde a dito concello. Tamén o Pleno do Concello de Sarreaus aceptou ceder á Deputación de Ourense o tramo da estrada que percorre o seu termo municipal.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por isto, a Deputación Provincial de Ourense solicita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o cambio de titularidade.

Este departamento do Executivo autonómico ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas. Os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto da Xunta.

Neste momento, o Goberno galego, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo do informe dos organismos afectados, elévoa ao Consello da Xunta para a súa tramitación.

A entrega da estrada formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, mediante a sinatura da acta de entrega.



A XUNTA AUTORIZA O INTERCAMBIO DE TITULARIDADE DE DÚAS ESTRADAS ENTRE O CONCELLO DE MUÍÑOS E A DEPUTACIÓN DE OURENSE

- *O municipio ourensán asumirá a responsabilidade sobre o antigo ramal da estrada provincial OU-1201 que comunica coa canceira e outras instalacións municipais*
- *A Deputación de Ourense será titular da estrada municipal que une As Conchas e As Carreiras*
- *A entrega da estrada formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aproba o proxecto de decreto polo que se autorizan os cambios de titularidade do ramal antigo da vía OU-1201, a favor do Concello de Muíños, e da estrada municipal con orixe na OU-540 (As Conchas) e fin na OU-1202 (As Carreiras), a prol da Deputación de Ourense.

A Deputación Provincial de Ourense comunicoulle ao Concello ourensá a conveniencia de proceder ao cambio de titularidade das seguintes estradas: a prol de Muíños prodúcese o cambio de titularidade do ramal antigo da estrada provincial OU-1201, que dá acceso á canceira de Muíños e a outras instalacións municipais, contando cunha lonxitude total de 727 metros e, a prol da Deputación de Ourense, transfírese a estrada municipal con orixe na OU-540 (As Conchas) e fin na estrada provincial OU-1202 (As Carreiras), cunha lonxitude de 539 metros.

Pola súa parte, o Concello de Muíños aprobou o cambio de titularidade proposto, do que a deputación provincial solicitou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda os cambios de titularidade indicados.

A entrega da estrada formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, mediante a sinatura da acta de entrega.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas. Os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto do Executivo autonómico.

Deste xeito, o Goberno galego, logo do informe dos organismos afectados, elévao ao Consello da Xunta para a súa tramitación. Agora, correspóndelle a cada entidade, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía da súa titularidade, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlles como novas administracións titulares das estradas

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ESTABLECE OS CURRÍCULOS DAS ENSIANZAS DEPORTIVAS DE JUDO, BALONCESTO E PIRAGÜISMO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos decretos polos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece os currículos dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes aos títulos de técnico deportivo en Judo e Defensa Persoal, en Baloncesto, en Piragüismo de Augas Bravas, en Piragüismo de Augas Tranquilas e en Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas. Deste xeito, quedan reguladas estas ensinanzas deportivas en Galicia, o que fai posible a capacitación dos futuros técnicos nestas disciplinas a través dunha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico que vincule o proceso de aprendizaxe á realidade social deste ámbito.

En todos os casos os títulos obtidos terán unha equivalencia a ensinanzas deportivas de grao medio, cunha duración que oscila en cada caso entre as 1000 e as 1370 horas.

Judo e Defensa persoal

O título de técnico deportivo en Judo e Defensa Persoal terá como especializacións a de judo escolar, adaptado, judo saúde e defensa persoal. As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial son as relativas ao dominio das técnicas de cinto negro primeiro Dan, mentres que as do ciclo final son as relativas ao cinto negro segundo Dan. Ademais, os titulados poderán seleccionar os judokas en función do seu nivel e tecnificación deportiva, dirixir e concretar as sesións de adestramento, controlar a seguridade e avaliar o proceso de tecnificación, ademais de supervisar as instalacións ou o uso do material, entre outros aspectos. Así mesmo, poderán acompañar e dirixir os judokas nas competicións, organizar eventos propios e colaborar no proceso de detección e selección de talentos deportivos en judo.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para os profesionais ao remate do ciclo inicial son as de monitor ou monitora de judo e defensa persoal; mentres que ao remate do ciclo final poderán traballar como profesores ou adestradores de judo e defensa persoal ou como directores técnicos de escolas deportivas de judo ou de centros de formación de defensa persoal.

Baloncesto

Quen curse os estudos de grao medio en Baloncesto poderán escoller especializarse en escolar baloncesto adaptado, escolar, en cadeira de rodas e 3x3 na etapa de tecnificación. As competencias profesionais, persoais e sociais deste grao medio dos son as relativas ao adestramento, tecnificación e dirección de xogadores de baloncesto e a dirección de programas con este fin. Así mesmo, o titulado valorará o avance dos

adestrados e transmitiralles os valores do deporte colectivo, os seus dereitos e deberes.

As ocupacións e postos de traballo que poderán ocupar as persoas ao remate do ciclo inicial son os de adestrador de nivel 1 de baloncesto ou monitor de escolas de baloncesto. No caso das persoas que rematen o ciclo final, poderán traballar como adestrador de nivel 2 de baloncesto, director técnico de club de base ou coordinador de escolas de baloncesto.

Piragüismo

A denominación augas bravas fai referencia ás especialidades deportivas de slálm e descenso de augas bravas, recoñecidas polo Consello Superior de Deportes. Deste xeito, quen se titule como técnico deportivo en Piragüismo de Augas Bravas poderá especializarse en piragüismo escolar, estilo libre, piragüismo adaptado de augas bravas ou en ráfting. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes ou estas profesionais ao rematar o ciclo inicial son as de monitor de iniciación deportiva ao piragüismo, piragüista de seguridade en actividades de iniciación deportiva ao piragüismo e auxiliar de control de competicións de piragüismo; mentres que, ao rematar o ciclo final, poderán ocupar os postos de traballo de adestrador de augas bravas, de slálm e de descenso en augas bravas, así como de director técnico de escola de piragüismo.

Por outra banda, os estudantes de Piragüismo de Augas Tranquilas -especialidades deportivas de augas tranquilas, ascensos, descensos e travesías, e maratón- terán como especializacións o piragüismo escolar, o adaptado de augas tranquilas, o surf ski, dragón boat. Quen remate o ciclo inicial poderá desenvolver as ocupacións de adestrador de augas tranquilas ou de director técnico de escola de piragüismo; mentres que, ao acabar o ciclo final, poderá ser guía en augas bravas, de augas tranquilas, de ráfting (balsa pneumática), de hidrozorra, ou kaiak de seguridade.

Finalmente, o título de técnico deportivo en Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas -especialidades deportivas de piragüismo recreativo e ráfting- ten como especializacións as de piragüismo escolar, estilo libre, piragüismo recreativo en augas bravas adaptado, en balsas pneumáticas en alta dificultade e en kaiak extremo. Neste caso, ao finalizar o ciclo inicial, os estudantes poderán traballar como monitores de iniciación deportiva ao piragüismo, como piragüista de seguridade en actividades de iniciación deportiva ao piragüismo e como auxiliares de control de competicións de piragüismo. Unha vez rematado o ciclo final, poderán ocupar os postos de traballo de adestrador en augas bravas, de slálm, de descenso en augas bravas ou o de director técnico de escola de piragüismo.

A XUNTA DE GALICIA DÁ LUZ VERDE AO DECRETO QUE REGULA O FUTURO OBSERVATORIO GALEGO DE ACCIÓN VOLUNTARIA

- ***Cumprindo coa Lei de acción voluntaria, o novo órgano será un referente na investigación, o estudo e análise da realidade actual e das tendencias futuras neste eido***
- ***Galicia é a comunidade autónoma máis comprometida e con maior índice de participación en materia solidaria, contando na actualidade cun total de 40.296 persoas voluntarias implicadas en programas solidarios***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto que regulará o Observatorio Galego de Acción Voluntaria. Un órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento nas políticas de voluntariado que se porá en marcha no terceiro trimestre do ano. Coa súa posta en marcha, Galicia sitúase, unha vez máis, á vangarda en materia de participación social e como a comunidade autónoma máis comprometida e con maior índice de participación en materia solidaria de España, tal e como recolle o último informe elaborado polo *Observatorio de la Plataforma del Voluntariado sobre la acción voluntaria en España en 2016*. Na actualidade, 40.296 persoas voluntarias participan na nosa comunidade en programas solidarios.

O decreto aprobado esta mañá dá cumprimento ao artigo 38 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, ao tempo que fixa a estrutura, organización e o funcionamento deste órgano de participación, investigación, asesoramento e consulta das políticas da Xunta en materia de acción voluntaria. Neste senso, o observatorio será unha ferramenta moi valiosa no asesoramento técnico ás entidades locais na realización dos plans sectoriais de acción voluntaria, así como na colaboración coas universidades en proxectos I+D+I e con figuras análogas doutras administracións públicas.

En canto ás funcións do novo órgano consultivo está a de investigar a realidade da acción voluntaria en Galicia, elaborar informes e compilar información sobre aspectos da súa competencia, en particular, unha guía de boas prácticas da acción voluntaria. Tamén a de propoñer liñas estratéxicas do Plan galego de acción voluntaria e efectuar o seu seguimento; elaborar informes sobre o impacto da acción voluntaria nos diferentes sectores económicos de Galicia e estudar o devandito impacto no mercado de traballo, tendo en conta as variables sociais, económicas, de idade e de xénero. Así mesmo, compilará información que, de xeito directo ou indirecto, poida recoller a realidade da acción voluntaria en Galicia e, ao tempo, xerar un sistema de indicadores polos que se poida coñecer e medir a participación social a través da acción voluntaria. O seguimento do número de persoas voluntarias, que día a día se implican en accións de carácter altruísta na Comunidade Autónoma de Galicia, unha das máis

implicadas na acción voluntaria e con maior índice de participación en materia de solidariedade, tamén será outra das súas principais funcións.

A posta en marcha do Observatorio Galego de Acción Voluntaria reforzará a transversalidade e coordinación das políticas públicas destinadas á acción voluntaria, ao tempo que se se constituirá como un referente na investigación, o estudo e análise da realidade actual e das tendencias futuras na acción voluntaria.

Ademais de facilitar a implantación de actuacións para a mellora na prestación de servizos en materia social en diferentes áreas, o observatorio implicará unha maior eficiencia dos programas que xa se están a desenvolver, como o Programa Acompañamento, dirixido ao acompañamento e atención das persoas maiores que viven soas nos seus fogares, en colaboración con concellos e entidades do ámbito territorial correspondente; ou os orientados á implicación solidaria desde idades moi temperás (en liña con programas xa implantados, como o Plan proxecta, o Voluntariado Miúdo, as Bibliotecas Escolares Solidarias, ou o Pasaporte Solidario), que é outro dos piares fundamentais polos que aposta a Xunta de Galicia como instrumento de transformación social fundamental e no que toman parte na actualidade 6893 nenos e nenas.

A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, que regula a creación do Observatorio Galego de Acción Voluntaria, é a responsable tamén da elaboración da Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018, orientada a acadar e incrementar a participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria. Unha ferramenta coa que o Goberno galego da resposta ao reto establecido no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG 2015-2020) de promover a cultura da solidariedade, establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos, segundo as necesidades, que melloren a calidade de vida das persoas en risco e incrementen a participación da cidadanía, en especial da mocidade.

MÁIS DE 15.000 PERSOAS PODERÁN BENEFICIARSE CADA ANO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE TEMPOS MÁXIMOS NO ACCESO ÁS PRESTACIÓNS SANITARIAS

- ***Establece uns tempos máximos de atención sanitaria hospitalaria programada de 60 días nas intervencións cirúrxicas; 45 días en consultas externas; e 45 días en probas diagnósticas ou terapéuticas***
- ***Transcorridos eses prazos, o paciente poderá optar por ser atendido noutro centro acreditado de Galicia***
- ***Este decreto, que desenvolve a Lei 12/2013, súmase aos do dereito á segunda opinión médica e á libre elección de profesionais e centro hospitalario***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, do que se poderán beneficiar anualmente entre 15.000 e 20.000 persoas. Este texto normativo completa o desenvolvemento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias e súmase aos decretos que regulan o dereito á segunda opinión médica e á libre elección de profesionais e centro hospitalario e ao que regula o funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas.

A Xunta de Galicia garante deste xeito uns tempos máximos de atención sanitaria hospitalaria programada e non urxente de 60 días naturais para intervencións cirúrxicas; 45 días para primeiras consultas externas; e 45 días para primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas.

A través del recóllese un novo compromiso do Servizo Galego de Saúde cos pacientes, xa que se pasa dunha xestión global de tempos de espera por prioridades, para todas as doenzas, a un compromiso individual por patoloxía. A selección destes procedementos realizarase tendo en conta a gravidade das patoloxías, a efectividade e a oportunidade da atención sanitaria e os protocolos de priorización contrastados coas sociedades científicas.

O decreto selecciona patoloxías oncolóxicas malignas, valvulopatías, patoloxías vasculares arteriais, patoloxías cerebrais benignas e patoloxías oftalmolóxicas.

Inclúense nel a estenose aórtica, insuficiencia aórtica, estenose mitral severa, insuficiencia mitral severa, aneurismas cerebrais, obstrución arterial aorto-ilíaca, obstrución arterial fémoro-poplitea, estenose cartotídea extracranial, desprendemento de retina e hidrocefalia. Estas patoloxías teñen unha importante carga de mortalidade asociada e as súas consecuencias clínicas teñen un forte compoñente invalidante, no entanto, as intervencións cirúrxicas presentan unha grande

efectividade, o que redunda na pronta recuperación dos pacientes, que repercute directamente no aumento e mellora da súa calidade de vida.

No que se refire ás doenzas oncolóxicas, o texto fai referencia tanto ao eido das cirurxías, que inclúen neoplasias, tumores neuroendócrinos e carcinomas, como as primeiras consultas e probas diagnósticas e terapéuticas recollidas nas vías rápidas establecidas para cancro de pulmón, mama, colorrectal, próstata, vexiga, cabeza e colo e melanoma.

A estas doenzas irán incorporándose outras de xeito progresivo. Ademais, segundo se recolle no texto, cando, desde o Sergas, non se lle poida ofrecer ao cidadán a atención no tempo máximo establecido, este poderá optar por continuar na lista de espera no centro que lle corresponde ou requirir a atención garantida noutro centro acreditado na Comunidade Autónoma de Galicia, ben nun centro público doutra estrutura de xestión integrada, ben nun centro concertado. Nestes casos, o Servizo Galego de Saúde asumirá directamente o pagamento dos gastos derivados da intervención.

O texto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación para as persoas que, dentro destas casuísticas, estean xa nesta data nas listas de espera do Servizo Galego de Saúde e para os novos procesos de enfermidade.

Desenvolvemento da Lei 12/2013

O decreto enmárcase na Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que entre os seus obxectivos inclúe a garantía de atención en tempo e forma segundo patoloxías definidas, tratando de asegurar que a programación de cada paciente se realice de forma personalizada, atendendo á súa situación clínica.

Tamén no marco da Lei 12/2013, foi aprobado o Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no sistema público de saúde de Galicia. Esta norma permite aos pacientes contrastar un primeiro diagnóstico ou unha indicación terapéutica, en relación a determinados supostos de enfermidades singularmente complexas, tanto dende o punto de vista do seu diagnóstico, posible evolución e tratamento, como das potenciais consecuencias que poden ter para a saúde dunha persoa.

Outras normas aprobadas ao abeiro desta lei son o Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo; e o Decreto 159/2014, do 11 de decembro, polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA SEDE DA XUNTA EN PONTEVEDRA

- *A Xunta aumenta o investimento previsto na reforma a 5,1 millóns de euros, afectará a unha superficie duns 5.800 metros cadrados e terá un prazo de execución de 15 meses*
- *Na rehabilitación do edificio prima acadar a cualificación enerxética A, tanto con respecto ao consumo de enerxía primaria non renovable como en emisións de CO₂*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras do edificio da rúa Benito Corbal en Pontevedra. O investimento previsto elevarase a 5,1 millóns de euros despois de coñecer con detalle as necesidades do proxecto. Os 4,7 millóns impulsados hoxe corresponden á obra propiamente dita e o resto, a traballos técnicos, algúns deles xa finalizados. Os traballos converterán a antiga sede da Xunta na cidade nun espazo moderno, cómodo, accesible e versátil para todos os usuarios. Primará a eficiencia enerxética facendo un inmovible cunha cualificación enerxética A, tanto con respecto ao consumo de enerxía primaria non renovable como en emisións de CO₂.

A rehabilitación do edificio ten como obxectivo poder dispoñer dun edificio enerxeticamente eficiente polo que se aplicarán métodos e tecnoloxías enerxéticas eficientes, como caldeiras de biomasa para a calefacción, bombas de calor de tecnoloxía VRV para calefacción e refrixeración, instalación solar fotovoltaica para xeración de electricidade, así como elevados niveis de illamento térmico e sistemas de iluminación eficientes.

O anuncio da licitación da obra publicarase no mes de outubro para dar comezo coas obras a finais de ano e ter o edificio rematado no mes de marzo do ano 2019, tendo en conta os 15 meses de execución de obras que están previstos no proxecto. O orzamento total da actuación ascende a 5,1 millóns de euros, incluíndo o estudo previo, a redacción do proxecto, o cálculo estrutural do edificio, ademais da dirección de obra e a auditoría enerxética.

Distintos usos

Contará cunha superficie útil de 5.419 metros cadrados. Nas tres primeiras plantas –o semisoto e o primeiro e segundo andar- situaranse as oficinas de emprego da Xunta, que na actualidade están en dous locais alugados na cidade. Estes servizos vanse concentrar nun único espazo, o que facilitará a prestación do servizo ao cidadán. En total, a superficie para este fin será de 1.544 metros cadrados.

Nas plantas terceira e cuarta, a Xunta poñerá á disposición de entidades e asociacións de interese social e sanitario un espazo para situar as súas oficinas e locais. Estas

plantas terán acceso independente dende a rúa e a súa superficie total será de 1.156 metros cadrados. Finalmente, as catro plantas restantes –da quinta á oitava- estarán á disposición da Universidade de Vigo para que instale alí os servizos e proxectos que decida a institución académica. A superficie para estes usos será de 1.740 metros cadrados.

A CONTA XERAL CONFIRMA QUE EN 2016 GALICIA VOLVEU CUMPRIR O OBXECTIVO DE DÉFICIT E AFORROU 38 MILLÓNS EN XUROS DA DÉBEDA

- *A comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 0,59% do PIB, fronte ao 0,82% da media autonómica, e este ano cumprirá de novo o obxectivo*
- *É a segunda comunidade con menor déficit acumulado dende 2012, o 4,7%, mentres que a media se situou no 7,7%*
- *En 2016, a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto do 100,7% e deixou de ingresar 41 millóns pola baixada de impostos*
- *Foi a segunda comunidade que dedicou máis recursos propios a investimentos*
- *Galicia acadou un aforro bruto de 449 millóns de euros, o maior de España*
- *O modelo de crecemento san permite aforrar en débeda para reforzar o gasto social, impulsar os investimentos e axilizar os pagamentos aos provedores*

A Conta Xeral da Comunidade galega ratifica que a Xunta volveu cumprir en 2016 o obxectivo de déficit público autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), xa que pechou o exercicio cun déficit do 0,59%, por debaixo do límite do 0,7% fixado para o conxunto das comunidades. Ademais, a Administración galega conseguiu aforrar 38 millóns de euros en xuros da débeda, recursos que puido dedicar a gasto produtivo.

O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, presentou hoxe no Consello da Xunta a Conta Xeral correspondente ao ano pasado, na que se sinala que Galicia rematou o exercicio 2016 cun déficit de 343 millóns de euros en termos de Contabilidade Nacional. O déficit de Galicia volveu ser inferior á media autonómica (0,82%), segundo o dato avanzado polo Ministerio de Facenda. A Conta Xeral, logo do acordo do Consello da Xunta, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas.

Galicia consolídase así entre as comunidades autónomas de referencia no cumprimento dos obxectivo de estabilidade orzamentaria. De feito, é a segunda comunidade con menor déficit acumulado dende 2012 –o 4,7%, fronte ao 7,7% de media autonómica-, e o Goberno galego mantén a súa intención de cumprir o obxectivo aprobado para este 2017, que é do 0,6%. Froito desta redución progresiva do déficit realizado na Administración galega, Galicia está agora entre as comunidades menos endebedadas de España.

A Conta Xeral reflicte tamén que no exercicio 2016 a Xunta de Galicia acadou unha execución do orzamento consolidado de gasto do 100,7%, ao tempo que deixou de ingresar 41 millóns de euros pola baixada de impostos aprobada polo Goberno galego, con incidencia no Imposto sobre Sucesións e Doazóns e no programa de Impostos cero no rural.

Líderes en investimentos e en aforro bruto

En 2016, Galicia volveu situarse entre as comunidades autónomas líderes en investimentos. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, Galicia foi, o pasado ano, a segunda comunidade autónoma con maior esforzo investidor –un 12% do gasto non financeiro–, practicamente o dobre que a media autonómica.

Ademais, a Conta Xeral de 2016 tamén mostra que Galicia acadou un aforro bruto de 449 millóns de euros, o maior de todas as comunidades autónomas. Este indicador mostra a diferenza entre os ingresos correntes e os gastos correntes, e cando é positivo permite financiar máis investimentos sen recorrer á débeda.

Aposta polo crecemento san

A Xunta mantén neste 2017 a súa aposta por un modelo de crecemento san, baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda para ir reducindo os gastos en xuros, o que permite aumentar os investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade os provedores da Administración.

Froito da solvencia da Comunidade Autónoma, a Xunta mantense entre as administracións autónomas que está a pagar con máis axilidade os seus provedores. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, ao peche do primeiro semestre, o período medio de pagamento en Galicia era 21 días inferior á media autonómica.

A Xunta de Galicia remitirá agora a Conta Xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor, modificada en 2015 e que establece como prazo máximo de remisión o 30 de setembro.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO ESCÉNICO O AUDITORIO DE LUGO

- *Con esta aprobación ultímanse os trámites para a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo*
- *O importe desta nova colaboración elévase a 3,7 millóns de euros, cifra en que se inclúen o equipamento do auditorio e o mantemento do edificio deste ano e do próximo*
- *A Xunta será a encargada de contratar a execución e dirección de obras e a súa xestión; mentres que o Concello de Lugo deberá xestionar os permisos, licencias e autorizacións*
- *O acordo recolle a exención do IBI por parte do Concello de Lugo a varios centros sanitarios e sociosanitarios da cidade, unha modificación que deberá ser aprobada no pleno do Concello*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para dotar de equipamento escénico o Auditorio de Lugo, cuxo importe se eleva a máis de 3,7 millóns de euros (3.755.050), que se destinarán á instalación do equipamento e aos gastos de mantemento derivados do ano 2017. Co visto e prace do Consello da Xunta dáse o paso definitivo que permitirá a súa sinatura nas vindeiras semanas.

Segundo o acordo aprobado hoxe, a Xunta encargárase da contratación do equipamento do auditorio por un importe de preto de 3,6 millóns de euros, aos que se suman preto de 100.000 de gastos do auditorio durante este ano e o próximo, período no que se procederá á execución do equipamento.

Pola súa banda, o Concello de Lugo deberá eximir a Administración autonómica do pago do Imposto de bens inmobles relativo aos centros sanitarios ou sociosanitarios (Hospital Universitario Lucus Augusti, Residencia das Gándaras, Centro Curros Enríquez, Centro Rúa Fontelo e Centro Fontiñas) durante os próximos catro anos.

Tamén será unha obriga da Administración local, realizar as xestións para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións e asumir os labores de mantemento.

Tal e como se recolle no texto do convenio, constituirase unha comisión de seguimento para o impulso e desenvolvemento das actuacións establecidas, que estará integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes. Así, formarán parte pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; e o

Concello estará representado pola alcaldesa ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

Auditorio de Lugo

A construción do Auditorio de Lugo foi unha das actuacións máis importantes do Plan *h*Urbe no apartado de equipamentos públicos, que foi licitada por un importe de 20 millóns de euros. A infraestrutura ten preto de 20.000 m², que se distribúen en distintas salas: a principal, con capacidade para 900 espectadores, e unha destinada á celebración de conferencias e concertos, con capacidade para 300 persoas, así como lugares para actividades teatrais, escola de música e mediateca, entre outros equipamentos.

Tamén se definiron espazos de uso comúns, con cafetería, gardarroupa, aseos públicos e unha zona de información e venda de entradas. Na súa estrutura, situarase unha zona destinada a congresos e exposicións e outra a diferentes labores administrativos.

A XUNTA APOIA MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE 750 DESEMPREGADOS EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- *O Goberno galego proporciona ás persoas sen emprego unha experiencia e práctica profesional para facilitar a súa inserción no mercado de traballo*
- *O labor que realizan céntrase principalmente en servizos de carácter social relacionados coa discapacidade e a atención a maiores, nenos ou persoas en risco de exclusión social*
- *O DOG publicará nas próximas semanas as axudas xerais para este colectivo, que contan con 8,1 millóns de euros, ás que se suman as de 3 millóns de euros dirixidas especificamente á contratación de menores de 30 anos e que se encontran en fase de resolución*
- *Esta actuación enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que a Administración autonómica está a impulsar a estabilidade e calidade laboral en Galicia*

A Xunta apoia as entidades sen ánimo de lucro de Galicia na contratación de 750 traballadores a través de dúas convocatorias de axudas que suman 11,1 millóns de euros. O obxectivo é proporcionar ás persoas sen emprego unha experiencia e práctica profesional que lles facilite a súa inserción no mercado de traballo.

Por unha banda, destina 8,1 millóns de euros para contratación en xeral de 500 traballadores en 235 entidades -convocatoria da que se informa hoxe no Consello da Xunta- e, doutro lado, inviste 3 millóns de euros para a inserción laboral de 250 menores de 30 anos en preto de 170 asociacións, a través do sistema de Garantía Xuvenil, unha orde de axudas que saíu publicada no DOG en agosto e está en fase de resolución.

Con respecto á convocatoria dotada con 8,1 millóns de euros, a Consellería de Economía, Emprego e Industria financia a través desta actuación a contratación de persoas sen emprego e mulleres vítimas de violencia de xénero para a realización de servizos de carácter social relacionados co ámbito da discapacidade e a atención ás persoas maiores, nenos ou persoas en risco de exclusión social. Así mesmo, as persoas contratadas poden realizar labores de carácter empresarial, culturais, deportivos, de tempo libre e vinculados á mocidade en xeral.

Os apoios van dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, preferentemente no eido da discapacidade e/ou risco de exclusión social.

A contía máxima da axuda que percibirán as entidades beneficiarias varía segundo o grupo de cotización. O pasado ano, a medida concedida por traballador nos dous

programas foi de preto de 15.000 euros. Os beneficiarios deberán estar desempregados e inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

As dúas convocatorias de axudas, a xeral e a destinada a menores de 30 anos, enmárcanse na Axenda 20 para o Emprego coa que o Goberno galego está impulsando o traballo estable e de calidade. Un dos retos principais desta planificación da Xunta é apoiar as persoas con máis dificultades para atopar un posto laboral.

Esta actuación complementa ademais outras iniciativas que ten en marcha a Consellería de Economía, Emprego e Industria para colaborar coas entidades sen ánimo de lucro, entre as que destacan o programa de contratación de axentes de emprego, profesionais que axudan ás persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social a atopar un posto de traballo. Esta convocatoria de axudas, ás que se destina 1 millón de euros, saíu esta semana publicada no DOG. A finalidade última destes programas é non só reducir o paro, senón tamén fomentar o emprego estable e de calidade.

A XUNTA MOBILIZA 11,2 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA TER OS MONTES GALEGOS PREPARADOS ANTES DA CAMPAÑA DE LUMES DE 2018

- *O Goberno galego aprobou as achegas para accións silvícolas de prevención dos danos aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais*
- *O Consello avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre estas subvencións, repartidas entre un total de 422 beneficiarios, a maior parte comunidades de montes veciñais en man común*
- *Estes fondos permitirán actuar nun total de 6.404,47 hectáreas de territorio forestal galego nos vindeiros nove meses*

A Xunta mobiliza un total de 11.246.303,85 euros para ter os montes galegos preparados con vistas á campaña anti incendios do vindeiro ano. O Goberno galego acaba de aprobar, por este importe, as axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, para un total de 422 beneficiarios.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe detallado sobre estas achegas, que xestiona a Consellería do Medio Rural e que están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Estes fondos permitirán actuar nun total de 6.404,47 hectáreas de territorio forestal galego nos vindeiros nove meses, o que permitirá que estean rematados antes do inicio da campaña de perigo alto de incendios forestais no verán, que comeza cada 1 de xullo. O que se pretende con estas achegas é tanto prever os lumes como poñer en valor o monte, a través de traballos silvícolas e plantacións de árbores vinculado ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques.

Os beneficiarios destas subvencións son na súa maior parte comunidades de montes veciñais en man común, xa que representan o 75% do total e acadan arredor do 90% tanto do importe aprobado (correspóndenlles 10,1 millóns de euros) como das hectáreas de actuación (cun total de 5.804,34 ha). Tamén recibiron axudas as asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, proindivisos, entidades locais, comunidades de bens, montes de varas, sociedades de fomento forestal (Sofor), outras persoas xurídicas e propietarios particulares de xeito individual.

As podas en masas de coníferas son as actuacións cun maior importe e hectáreas aprobados (7,3 millóns de euros e 4.350,78 hectáreas), o que supón o 65,6% e o

67,9% en cada caso, seguidas polos tratamentos silvícolas en masas de frondosas (2,8 millóns de euros e 1.452,80 hectáreas), que acadan así o 25,2% e o 22,7%, respectivamente. Por provincias, a que maior número de beneficiarios acumula é Ourense (con 149, o 35,3% do total), seguida por Lugo (co 31,3%). Tamén Ourense é o territorio provincial con maior importe aprobado e máis hectáreas de actuación (máis da metade do total en ambos casos).

Obxectivos das axudas

Os principais obxectivos destas achegas pasan por fomentar a competitividade do sector forestal, garantir a xestión sustentable dos recursos naturais e a acción polo clima e lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluíndo a creación e conservación do emprego.

Trátase tamén de fomentar a mellora silvícola das masas forestais existentes, con especial atención á consolidación dos bosques de frondosas caducifolias e sobreiras, e de conseguir un aumento da superficie forestal arborizada. Búscanse montes con producións elevadas e de calidade suficiente, que posibiliten o desenvolvemento da industria de transformación da madeira e a consolidación de aproveitamentos complementarios. E, por suposto, promover actuacións preventivas recollidas na lexislación galega sobre incendios forestais.

A CONSELLERÍA DO MAR INVESTIU 1,4 MILLÓNS DE EUROS NA REPARACIÓN DE GRANDES INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS DANADAS POLOS TEMPORAIS

- *O Consello da Xunta ratificou esta mañá a declaración de emerxencia dos traballos de estabilización do noiro derrubado no peirao ribadense pola acción da choiva*
- *Portos de Galicia ten rematadas xa as obras de Ribadeo e Corme e acabará a do peirao da Guarda ao longo do mes de outubro*

A Consellería do Mar vén de investir 1,4 millóns de euros na reparación de tres grandes infraestruturas danadas polos efectos dos temporais do inverno nos peiraos de Corme (Ponteceso), A Guarda e Ribadeo. Así quedou de manifesto esta mañá no Consello da Xunta que ratificou, por proposta da Consellería do Mar, a declaración de emerxencia dos traballos de estabilización do noiro derrubado no peirao ribadense pola acción da choiva.

As obras de Ribadeo, que veñen de rematar, consistiron na reposición e reforzo da parede natural situada sobre a vía de acceso ao porto comercial da localidade que sufriu un derrubamento parcial na madrugada do 11 de maio a consecuencia das fortes choivas rexistradas na zona. Esta actuación tramitouse por vía de emerxencia dada a necesidade de actuar de inmediato para repoñer a operatividade e seguridade no porto e restablecer a circulación rodada na vía que se mantivo pechada ao tempo que se prolongaron os traballos. Esta mañá o Consello da Xunta ratificou dita declaración de emerxencia atendendo aos criterios técnicos expostos no seu momento para xustificar a actuación inmediata.

En concreto, os traballos consistiron, unha vez retirados os elementos derrubados e suspendidos, no reforzo da estabilidade do noiro a través da instalación de elementos de fixación, como bulóns (listóns metálicos afincados na parede de terra) e malla metálica de suxeición de alta resistencia. Finalmente, unha vez limpa a zona e saneado o noiro, instalouse unha malla de tripla torsión para conter a caída de elementos pequenos. Ademais, na parte inicial do noiro realizouse un pequeno muro de formigón ancorado nos bulóns existentes e noutros que se instalaron para reforzar os existentes ata o momento. Esta actuación contou cun investimento de 200.000 euros.

As obras no porto de Ribadeo, sumáronse ás dúas iniciadas con anterioridade e tamén con carácter de emerxencia nos peiraos de Corme (Ponteceso) e A Guarda. Ambos portos sufriron fortes desperfectos a causa do temporal de mar de fondo e vento rexistrado na primeira fin de semana pasado mes de febreiro.

No caso de Corme os traballos, que se atopan xa rematados tamén, centráronse na reparación da coeira e dique de abrigo do porto, que sufriran derrubamentos parciais debido ao impacto das ondas. Consistiron no reforzo do dique mediante bloques de formigón de 15 toneladas e coeiras de pedra natural de 12 toneladas. Os bloques foron fabricados previamente fóra do porto e colocáronse no peirao a través dunha grúa de características especiais posteriormente. O investimento neste caso foi de preto de 400.000 euros.

Finalmente, as obras da Guarda son as únicas que se atopan a día de hoxe pendentes de rematar e o prazo de finalización está previsto para o vindeiro mes de outubro. A Consellería do Mar está a investir nestes traballos máis de 800.000 euros destinados á reposición do dique e o contradique de abrigo do porto e a reparación do paseo portuario, que sufriran derrubamentos parciais pola acción das ondas.

As obras consisten fundamentalmente na reparación e reforzo do contradique mediante bloques de formigón de 130 toneladas na zona máis próxima ao morro, así como a reposición de bloques de 50 toneladas na zona central e no arranque, e reforzo con coeira de máis de 5 toneladas da parte interior da dársena.

Con estas tres actuacións, dúas delas xa rematadas e a terceira próxima á súa finalización, a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, está a devolver a operatividade e seguridade ás infraestruturas portuarias afectadas polos temporais durante os meses pasados e repón as axeitadas condicións de traballo para os homes e mulleres do mar.